

HABILITACIÓNS ENSINO PRIVADO XANEIRO 2022

Lembramos que a aplicación informática para a solicitude de habilitacións na convocatoria de XANEIRO de 2022 estará dispoñible do **día 10 ata o día 31 de xaneiro, ambos incluídos**.

Con data 22-11-2021 publicouse na web a [RESOLUCIÓN](#) da convocatoria de SETEMBRO.

NOVAS FUNCIONALIDADES:

A partir da convocatoria de marzo de 2021 os títulos de doutoramento e de máster oficial así como as certificacións do nivel de competencia lingüística dun idioma expedidas polas Escolas Oficiais de Idiomas deben engadirse no apartado: **"Datos académicos"- "Titulacións"- "Engadir Titulación"**, escollendo no desplegable da caixa **"Clase de titulación"** a categoría **"Universitaria"** para os títulos de doutoramento e de máster oficial e a categoría **"Ciclo de EOI"** para as certificacións das Escolas Oficiais de Idiomas. A continuación nas seguintes caixas desplegables poderá concretar o seu título de doutoramento/master oficial ou a súa certificación da Escola Oficial de Idiomas.

A partir da convocatoria de xuño de 2021 os certificados de acreditación lingüística do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (agás os da Escola Oficial de Idiomas que deberán introducirse no apartado de Titulacións) deberán engadirse no apartado de "Datos académicos"- "Outras Linguas"- "Engadir lingua".

De acordo co artigo 12.1 da [ORDE](#) do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B) publicada no Diario Oficial de Galicia nº 161, do 12 de agosto, as solicitudes (anexo I) **presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario

normalizado accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Tamén poderán cubrirse na páxina web da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos <http://www.edu.xunta.es/habilitacions> e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas que xa solicitaron en convocatorias anteriores e xa acreditaron a documentación necesaria para ser habilitadas (Celga 4, formación pedagóxica e didáctica e a certificación académica) non terán que presentala de novo.

Aconsellamos lectura dos Verbas Claras:

Habilitacións (I). Nova Orde [Ver](#)

Habilitacións (II). EI, EP, PT, AL [Ver](#)

Habilitacións (III). ESO e Bacharelato [Ver](#)

Habilitacións (IV). FP [Ver](#)

Lembra que podes acceder á **normativa** na ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/portal/habilitacions> (última actualización 29/07/2021).

ÁNIMO A TODAS E A TODOS.

SOLIDARIEDADE